

Galego en Madrid

Blogue de Galego no Espazo das Linguas



Publicado o **24 de Febreiro de 2013** por **Carme**

[← Anteriores](#) [Seguintes →](#)

Aniversario con Rosalía

Hai un ano vía a luz este blogue *Galego en Madrid*.

Celebrabamos así o aniversario de Rosalía de Castro, que nacía en Santiago de Compostela un 24 de febreiro.



Graciñas a todas e a todos @s que participades no blogue, a quen o administra, a quen o edita, a quen publica nel, a quen comenta e a quen o le.

Seguiremos mentres queirades e as forzas non nos falten.

Ánimo a quen o mira pero non o escribe. É voso, é do

alumnado do Espazo das Linguas Ibéricas e de quen queira colaborar coa nosa lingua e coa nosa cultura.

Onte, 23 de febreiro, con alumnas e alumnos dos cursos de galego participabamos na homenaxe a Rosalía de Castro en Madrid. Convidados por Luz Pichel e Vicente Araguas, que atendían á convocatoria da AELG, saímos do Café Comercial -onde cada último sábado de mes se celebra o Faladoiro- cara á praza San Ildefonso á beira da igrexa na que casou Rosalía con Manuel Murguía.


Na praza,
unha



emocionada Mariví Villaverde líanos o [Manifesto](#) que enviara a AELG.

O acto continuaba coa lectura, recital e canto de poemas de Rosalía.

Velaí unha pequena mostra da homenaxe na que participa tamén o noso alumnado:



Encamiñámonos despois cara á rúa Ballesta onde tamén viviu a poeta:



Máis fotos da Homenaxe a Rosalía de Castro en Madrid - grazas a [Martiña González](#)- na páxina do [Centro de Estudos Galegos \(UCM\)](#).

6 REFLEXIÓNS SOBRE "ANIVERSARIO CON ROSALÍA"



Xan, o **24 de Febreiro de 2013 ás 15:04** dixo:

O de onte foi un acto cheo de simbolismo e sentimentos; simbolismo porque os dous lugares elixidos teñen que ver coa estancia de Rosalía en Madrid: a Igrexa onde casou e unha das casas nas que viviu; sentimentos porque cando Mariví Villaverde leu o manifesto, aínda sen escoitala ben polo ruído da rúa e a súa tenue voz, un podía deducir a emoción

que a embargaba ao brotarlle as bágoas e quebrárselle a voz ao ler algúns parágrafos do texto. E aínda que non teña que ver co acto en si, ao terminar os parlamentos e a interpretación coral de *Negra Sombra*, un home con aspecto de vivir na rúa, dirixiulle ao grupo un ¡Viva Galicia! e algo máis que non oín ben, e vin a Vicente Araguas que falou con el, deulle unhas moedas e un abrazo e a aquel home, que vive un mal momento, saltáronlle as bágoas (por certo, parece que era de Vigo).

Responder ↓



Carme

, o 25 de Febreiro de 2013 ás 11:27 dixo:

Grazas polo comentario Xan!

Responder ↓



Ramiro, o 25 de Febreiro de 2013 ás 03:22 dixo:

ENHORABOIA, E POR MOITOS MÁIS UNHA APERTA .DESDE ARXENTINA

Responder ↓



Carme

, o 25 de Febreiro de 2013 ás 11:26 dixo:

Graciñas Ramiro.

Responder ↓



Luz Pichel, o 25 de Febreiro de 2013 ás 07:57 dixo:

23 de febreiro do 2013. Madrid. Praza de S. Ildefonso. Malasaña, malapraza de malaxente, onde

fan xuntanza os poetas madrileños e toda caste de avogados da noite e das botelliñas. Non esquecerei a noitelonga aquela de faladoiro sobre «ready», o último libro da poeta de ascendencia galega María Salgado, a praza a rebentar de xente. Alí casou ela, a mellor, a nai, a santa, Rosalía, na igrexa da praza, lugar de xuntanza, lugar a onde camiñamos desde El Comercial, para xuntármonos e agasallala e gozar coa súa poesía. Alí, os poetas do grupo Bilbao, escritores galegos varios, e estudantes e mestres de galego en Madrid.

Tamén estivo el. Identificouse co bote de cervexa na man, dixo «eu tamén son», deulle a man a Vicente Araguas e ergueuse do chan, onde posiblemente pasa as noites de febreiro e mailas outras, para cantar con todos a *Negra sombra* que entoaron con sabedoría Marta Beceiro e mais Vicente. E cantou el, o home, o símbolo dos tempos e das prazas e de tantos poetas, e cantou Manuel Pereira Valcárcel, e Miguel Barrera, e Antonino Nieto, e Rafa Yáñez e a Cativa Yáñez, que recitara co seu pai *Meniña gaiteira* para cerrar o acto, e Inés Canosa, e Carme Lamela, e Carme Mejía, e Ricardo Pichel e a súa moza Marta -fotógrafos do acto-, e Marguiña, e Vitor, e Genaro, e Jesús, e Juan Carlos , e , e, e, e. E cantou Mariví Villaverde coas bágoas nos ollos coma cando xa antes, abrindo o acto, lera o manifesto da AELG, tan emocionada. «A min gústame ler pero teño o problema de que me emocionano», dixera, «o problema». O problema! E así foi. Cantamos todos. E cantou tamén, coma outro símbolo, como a mellor representación posible da poesía madrileña mesma, o poeta erradío Paco Sevilla. E tamén el foi connosco ata a *Calle de la Ballesta*, onde morou Rosalía, no baixo, onde agora luce un restaurante vegano, onde as putas en tacos e minisaia soportan o frío coma heroínas, onde a placa, que sabe Vicente que tiña que estar no número 13, puxérona enriba do número 15, vaia!

Eu non vou esquecer este día así como así.

Responder ↓